



RESOLUCIÓN DO 8 DE FEBREIRO DE 2024, DA COMISIÓN PROVINCIAL DE VIVENDA DE PONTEVEDRA, DE INICIO DO PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAS ADXUDICATARIAS PARA VIVENDAS DE PROTECCIÓN OFICIAL DE PROMOCIÓN PÚBLICA EN SEGUNDAS E POSTERIORES ADXUDICACIÓNS EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO PARA O CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, EXPEDIENTE PO-2007/701.

De acordo co que se establece no artigo 30 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, a Comisión Provincial de Vivenda de Pontevedra, en sesión do 8 de febreiro de 2024,

ACORDA:

Iniciar o proceso de selección de persoas adxudicatarias para vivendas de promoción pública en segundas e posteriores adxudicacións en réxime de arrendamento (vivendas vacantes), expediente PO-2007/701, que se desenvolverá de conformidade cos seguintes criterios:

Primeiro. Características das vivendas

Número de vivendas: As vacantes que se produzan ao longo do ano

Expediente: PO-2007/701

Localización das vivendas: Bosque dos Desamparados, no concello de Vilagarcía de Arousa

Tipoloxía das vivendas e composición familiar:

- Vivendas de un ou dous dormitorios: para unidades familiares de 1, 2 ou 3 membros (maiores de 60 anos e menores de 35 anos).

Segundo. Cualificación das vivendas

As vivendas do expediente PO-2007/701 foron cualificadas definitivamente por resolución do xefe territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de Pontevedra con data 13 de xuño de 2011 como vivendas de protección oficial de promoción pública, en réxime de arrendamento e destinadas a colectivos especiais:

- persoas maiores de 60 anos



- persoas menores de 35 anos

Terceiro. *Réxime de adxudicación das vivendas da promoción*

As vivendas adxudicaranse en arrendamento.

Cuarto. *Condicións das persoas beneficiarias*

Poderán acceder a estas vivendas de promoción pública as persoas, nacionais ou estranxeiras, maiores de idade e con plena capacidade de obrar que, sendo maiores de 60 anos e menores de 35 anos de idade, como titulares dunha unidade familiar, reúnan os seguintes requisitos:

1. Na data desta resolución de inicio, estar inscritos no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia para o concello de Vilagarcía de Arousa
2. Ter ingresos ponderados por unidade familiar entre 0,7 e 2,5 veces o Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples.
3. Residir ou traballar no concello onde se localizan as vivendas, excepto no caso de emigrantes que desexen retornar e que acrediten residir fóra de Galicia por un tempo non inferior a cinco anos.
4. Carecer de vivenda en calidade de persoas propietarias, agás que se dean algunha das seguintes circunstancias:
 - a) Excepcionalmente, poderán acceder a unha vivenda protexida as persoas que sexan propietarias doutra vivenda cando estea suxeita a expediente de expropiación forzosa, as persoas separadas ou divorciadas que se atopen ao corrente no pagamento das pensións alimenticias e compensatorias e que fosen privadas do uso da vivenda por sentenza ou convenio regulador e as que ocupen aloxamentos provisionais como consecuencia de actuacións de emerxencia ou remodelacións urbanas que impliquen a perda da súa vivenda ou calquera outra situación excepcional declarada polo organismo competente en materia de vivenda (art. 64.1 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia).



b) Acreditar que a vivenda da que se dispón sexa inhabitable, insuficiente ou inadecuada nos termos especificados na Resolución do 14 de setembro de 2012 do Instituto Galego da Vivenda e Solo. Neste suposto quedarán obrigados a ofertar ao Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante IGVS) a dita vivenda para os efectos do disposto no artigo 10.V do Decreto 253/2007.

c) A tenza doutra vivenda respecto da que non se posúa a súa plena propiedade e dispoñibilidade en calidade de dono, sempre que o valor catastral do inmovible non supere os 30.000 € (Resolución do 23 de febreiro de 2015 do Instituto Galego da Vivenda e Solo).

5. Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, será requisito para a adxudicación da vivenda manter a vixencia da inscrición no Rexistro Único de Demandantes ao longo de todo o proceso de selección, de xeito que a falta de vixencia ou a baixa no citado rexistro en calquera momento anterior ao acordo da comisión que aprobe a lista definitiva de persoas adxudicatarias, determinará a perda do dereito ao acceso á vivenda.

Quinto. *Condicións xerais de carácter económico*

Réxime de arrendamento.

a) Os contratos de arrendamento terán unha vixencia de sete anos prorrogables por períodos anuais e estará prohibido en todo caso a cesión ou subarrendamento, total ou parcial. A contravención desta prohibición dará lugar á resolución do contrato de arrendamento, con independencia das sancións a que houbera lugar.

b) A renda inicial anual será a que resulte de lle aplicar o 3% ao que sería o prezo de venda da vivenda e anexos, no seu caso, determinado de acordo co establecido no Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo IGVS.

c) A firmeza da adxudicación estará condicionada á sinatura do correspondente contrato de arrendamento, previo pagamento por parte da persoa adxudicataria da fianza correspondente.

Sexto. *Procedemento de adxudicación*



De acordo co Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, antes mencionado, o procedemento de adxudicación será o de SORTEO entre as persoas inscritas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia para o concello de Vilagarcía de Arousa ata a data de hoxe.

O feito de resultar adxudicatario/a provisional no sorteo non determinará a condición de adxudicatario/a definitivo/a, en tanto non se acredite que se reúnen os requisitos sinalados no criterio cuarto desta resolución.

Sétimo. Número de solicitantes que integrarán as listas

Serán **25** as persoas demandantes seleccionadas entre todas as que figuren inscritas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia para o concello de Vilagarcía de Arousa.

A orde de confección das referidas listas virá determinada pola orde de selección que se derive do sorteo.

Oitavo. Publicidade

A resolución de inicio do procedemento de adxudicación publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e as sucesivas publicacións, incluída a dita resolución de inicio do procedemento, a lista de persoas adxudicatarias provisionais resultante do sorteo e a resolución da lista definitiva de persoas adxudicatarias en espera, de acordo cos artigos 22.1 e 24.3 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, publicaranse nos taboleiros de anuncios do Concello de Vilagarcía de Arousa, no da Área Provincial do IGVS e na páxina web do organismo.

Esta publicidade substituirá ás notificacións persoais, de conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Tras a publicación da lista provisional as persoas solicitantes que se consideren prexudicadas no seu dereito disporán dun prazo de dez días desde a publicación, para presentar reclamacións ante a Comisión Provincial de Vivenda de Pontevedra, que deberá adoptar a resolución que proceda no prazo máximo de tres meses.

Noveno. Asignación de vivendas



Cando se produzan as vacantes na promoción con número de expediente PO2007/701, no concello de Vilagarcía de Arousa, estas serán adxudicadas aos integrantes da lista por orden de prelación, sen prexuízo de que ao abeiro do establecido no artigo 28 do decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, a Área Provincial do IGVS proceda á determinación da vivenda que lle corresponde a cada adxudicatario tendo en conta a mellor adecuación das vivendas á composición da unidade familiar e convivencial de aqueles, notificándolles a adxudicación.

Tal notificación deberá conter, entre outros, os seguintes datos:

- Tipo de vivenda
- Superficie útil
- Réxime de adxudicación
- Prezo de renda

As persoas adxudicatarias definitivas disporán dun prazo de dez días hábiles para aceptar ou renunciar á adxudicación, e no caso de aceptar, deberán efectuar, dentro do prazo indicado, o ingreso da fianza e os gastos que procedan.

Décimo. *Data do sorteo*

O sorteo celebrarase ás 10:00 horas do día 14 de marzo de 2024 ante o notario de Pontevedra que fora designado mediante quenda notarial.

Décimo primeiro. *Vixencia das listas*

A lista definitiva deste procedemento manterá a súa vixencia ata que se produza algunha das seguintes circunstancias:

- a) A aprobación pola Comisión Provincial de Vivenda de novas listas definitivas.
- b) O esgotamento das listas debido a que non queden persoas integrantes ás que ofertar as vivendas.

O presidente da Comisión Provincial de Vivenda

José Manuel González González

(Documento con sinatura electrónica)

